Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

## Contos da tradición oral de Galicia

### *O raposo e o lobo á raxeira [AT-15: The Theft of Food by Playing Godfather]*

Eu non sei que bicho mataron e empezaron a botar a culpa un ó outro.

□E, pois comícheo tu.

□Non, que o comiche tu.

□Bueno, pois o que o comeu ten que sudarlle a barriga.

E entonces:

□Vámonos deitar a durmir á raxeira e despois o que lle sude a barriga foi o que o comeu.

E deitáronse a durmir pero o raposo é máis listo que o lobo. O lobo adormeceu e estivo durmindo; vai o raposo e levántase e méxalle na barriga. E despois chamouno:

□¡Eh, mira como che suda a barriga!

Despois quen levou a culpa foi o lobo.

**Recompiladores**: Equipo Chaira (Mª Ofelia Carnero, Xoán R. Cuba, Mercedes Salvador e Antonio Reigosa)

**Informante**: Dionisio Souto Valle (68 anos).

**Lugar e data de recollida**: Corvite. Marzo de 1993.

**Proxecto**: Transcrición extraída do □Inventario de lendas, contos e outras manifestacións da

literatura oral do concello de Abadín□. Campaña 1992-1993.